

 <b>XUNTA DE GALICIA</b> CONSELLERÍA DO MAR Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños	Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro 15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25	 <b>XACOBEO 2010</b> Galicia
--	--	--

### FICHA RESUMO

<b>Ano</b>	2010	<b>PE403A 2009/53-1</b>
<b>Entidade</b>	PLAN CONXUNTO DAS CONFRARIAS DE FISTERRA, CORCUBIÓN E LIRA	
<b>Plan explotación<sup>(1)</sup></b>	PENEIRA	
<b>Réxime<sup>(2)</sup></b>	RECURSO ESPECÍFICO	
<b>Modalidade<sup>(3)</sup></b>	MERGULLO EN APNEA OU CON AIRE SUMINISTRADO DENDE A SUPERFICIE	

<b>Especies</b>	Peneira ( <i>Haliotis tuberculata</i> )
<b>Ambito do plan</b>	de cabo Fisterra a punta Larada
<b>Subzonas de explotación</b>	Zona A: infralitoral de cabo Fisterra a cabo de Cee Zona B: infralitoral de punta Galera a punta Larada Zona C: infralitoral de cabo Cee a punta Galera

Participantes no plan de explotación		
<b>Número de permex/persoas autorizadas</b>		
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Mergulladores-habilitacións
-	5	17
<b>Ampliación do número de permex<sup>(4)</sup></b>		<b>Non</b>
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Habilitacións
-	-	-

Calendario de explotación												
<b>Días máximos de extracción</b>	40											
<b>Época y zona probable de extracción<sup>(5)</sup></b>												
<b>Modalidade<sup>(3)</sup>: en apnea e con aire suministrado dende a superficie</b>												
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec	
X								X	X	X		

Topes de captura			
<b>Especies</b>	<b>A pé</b>	<b>Embarcación/día</b>	<b>Mergullador enrolado e a bordo/día</b>
Peneira	-	-	8

<b>Artes a empregar</b>	Mergullo en apnea e con aire suministrado dende a superficie.
-------------------------	---

<b>Puntos de control</b>	Zona de produción e peiraos e lonxas de Fisterra, Corcubión e Lira.
<b>Puntos de venda</b>	Lonxas de Fisterra, Corcubión e Lira, ou calquera outra autorizada.

Accións a realizar <sup>(7)</sup>	Épocas probables <sup>(8)</sup>											
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Rexeneración zonas improdutivas</b>												
Zonas:												
<b>Extracción semente para resembrar</b>	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Zonas:												
Especies:												



	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Sementeiras</b>												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Traslados</b>												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Rareos</b>												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Limpezas e arados</b>												
Zonas:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Outros</b>												

**Outras consideracións** <sup>(9)</sup>

**Ambito do plan:** exclúese do ámbito deste plan a zona delimitada como reserva mariña de interese pesqueiro *Os Miñarzos* cuxos límites son os seguintes:

Punta Larada	42° 50.408´N	9° 06.359´W
Cuberto	42° 49.608´N	9° 09.535´W
Miñarciuño	42° 48.608´N	9° 10.490´W
Miñarzos	42° 47.843´N	9° 10.640´W
Cabezo Figueroa	42° 47.072´N	9° 09.647´W
Lombo da Campa	42° 47.151´N	9° 07.872´W

A explotación da peneira dentro da reserva desenvolverase conforme ao Plan de Xestión Integral aprobado para o seu ámbito. Así pois, segundo o Plan de Xestión aprobado, dentro da reserva non está autorizada a extracción desta especie.

Ademais, tendo en conta que a zona infralitoral comprendida entre cabo Touriñán e cabo Fisterra non está clasificada microbioloxicamente para a extracción de gasterópodos, deberase excluírse tamén esta zona do plan.

Polo tanto, o ámbito deste plan, será de cabo Fisterra a punta Larada.

Recoméndase esta división das zonas de traballo, tendo en conta a clasificación microbiolóxica das zonas de produción:

- Zona A: infralitoral dende Cabo Fisterra a Cabo de Cee: Zona A para gasterópodos
- Zona B: infralitoral dende punta Galera ata punta Larada: Zona A para gasterópodos
- Zona C: infralitoral dende cabo Cee ata punta Galera: Zona C para gasterópodos

Só se autoriza a extracción para a venda en fresco nas zonas A e B

A zona B inclúe ámbito da REMIP-*Os Miñarzos*, polo que a actividade dentro desta



desenvolverase segundo as normas do plan de xestión que se elabore para este espacio.

**Obxectivos do plan:** A consecución dos obxectivos de produción deste plan dependerá da demanda dos compradores, dado que non é un recurso con demanda local.

**Días máximos de extracción:** A falla de actividade neste plan, imposibilita que se poda facer un seguimento da evolución da produción e zonas de extracción de cara a valorar se o esforzo a aplicar é o adecuado ou se cabería a posibilidade de incrementalo. Por isto, non se acepta a proposta de incremento do número de días de extracción con respecto ao plan en vigor, quedando fixado en 40 días ao ano.

**Puntos de control:** Deberán elaborar as normas dos puntos de control e designar as persoas responsables. O paso polo punto de control é obrigatorio para tódolos participantes no plan. Cómpre lembrar o establecido na disposición adicional quinta da Orde do 8 de febreiro de 2008: *“no caso de produtos pesqueiros frescos que teñan que pasar un punto de control, de acordo co plan de explotación correspondente, a mercadoría non poderá ser retirada deste punto polo mesmo propietario que a entrega”*.

**Xestión da explotación:** Constituíuse unha comisión xestora que é a encargada da organización e xestión da extracción e será responsable de facer o seguimento do plan. Esta comisión decidirá os días nos que se solicitará a apertura mensual e o porá en coñecemento da confraría de Fisterra para que esta tramite a solicitude ante o Departamento Territorial. Así mesmo, comunicará con antelación suficiente os días que deben ser anulados e a causa da anulación. As solicitudes de apertura requirirán a sinatura do patrón maior de Corcubión. As normas de funcionamento desta comisión, funcións, convocatorias, toma de acordos... están perfectamente definidas. Recoméndase que a apertura das zonas de extracción se realice mediante un sistema rotacional.

**Horario:** Non se aproba o horario de extracción proposto neste plan por ir en contra do establecido no Decreto 424/93, polo que o horario de traballo autorizado será de 8'00 a 14'00 horas.

**Remisión dos datos:** Para mellorar a xestión dos bancos e evitar situacións de sobrepesca é necesario realizar un control do esforzo pesqueiro, das capturas e das tallas. Polo tanto, os datos da explotación necesarios para o seguimento dos bancos deberán se remitidos regularmente ao departamento territorial correspondente, de xeito que coa solicitude de apertura mensual os técnicos deberán ter recibido os datos do mes anterior

**Mergullo:** Tódolos mergulladores terán que ter a tarxeta de mergullador en vigor para poder traballar no plan de explotación, de non ser así serán excluídos da relación adxunta á resolución de apertura mensual.

**Plan de seguridade:** Deberán elaborar o plan de seguridade. Na solicitude de apertura de cada mes deberá indicarse o nome do mergullador que vai a exercer como xefe de equipo.

O informe da actividade de mergullo é favorable a autorizar a realización das inmersiones necesarias para a execución do plan, sempre que o **plan sexa aprobado a efectos de seguridade pola autoridade marítima correspondente e que deberán presentar antes de**



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DO MAR  
Dirección Xeral de Ordenación e  
Xestión dos Recursos Mariños

Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro  
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25



XACOBEO 2010  
Galicia

**realizar a primeira apertura do ano 2010.**

**Deberán achegar a seguinte documentación:**

- Forma de organización e responsables dos puntos de control.
- Coordenadas cartográficas que delimitan as zonas sometidas a plan, dacordo coa Circular de 6 de outubro 2009 da Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños pola que se ditan as instrucións para a presentación dos plans de explotación para o ano 2010.